

Bases que rexerán a selección en 2019 dos integrantes da Banda Sinfónica Xuvenil Galega

A Banda Sinfónica Xuvenil Galega representa a Federación Galega de Bandas de Música Populares e estará composta por músicos procedentes das bandas federadas. As actuacións que leven a cabo non entrarán en conflito cos intereses das diferentes bandas de música federadas, limitándose ás súas actuacións á interpretación de concertos, participación en festivais ou actos institucionais e solemnes, polo que non atenderá ruadas, festas, verbenas, concursos e outros actos festivos susceptibles de ser realizados polas demais bandas federadas a cambio dunha remuneración previamente establecida.

1. Obxecto da convocatoria

É obxecto da presente convocatoria a selección dos músicos que formarán parte da agrupación, que estará formada por arredor de 60 integrantes.

A convocatoria está destinada á creación da banda que participará no II Encontro da Banda Sinfónica Xuvenil Galega que terá lugar do 8 ao 13 de xullo de 2019 e o concerto final o 14 de xullo na Cidade da Cultura en Santiago de Compostela.

2. Quen pode presentarse

Terá a posibilidade de participar nesta convocatoria todo músico que non teña cumpridos 18 anos.

3. Inscripción

A inscrición estará aberta entre o **1 de maio e o 21 de xuño** e realizarase cubrindo os datos solicitados no [formulario](#)¹ correspondente.

Será preciso enviar un vídeo cunha duración máxima de 5 minutos, sen cortes, gravado nos últimos 18 meses e no que o candidato interprete un movemento ou obra de libre elección. Admítese a posibilidade de se trate dunha obra de solista acompañado por piano, banda ou calquera outra formación. No formulario de inscrición deberase achegar o atallo a YouTube ou plataformas similares.

Rematado o prazo, a Federación informará de calquera tipo de incidencia no proceso de inscrición. Habilitarase un prazo de 2 días hábiles para a presentación de incidencias, tras os que a Federación procurará dar resposta nun prazo inferior a 3 días hábiles.

¹ Formulario: <https://forms.gle/TS4Fg7AwsMwcMWhQ9>

4. Valoración

A Federación delega a potestade avaliativa para o proceso de selección nunha comisión técnico-artística, creada expresamente para tal fin, que valorará a todos os músicos participantes neste proceso.

5. Publicación das listas

A Comisión emitirá un informe das valoracións realizadas. A Xunta Directiva da FGBMP elaborará a relación de músicos admitidos, que será publicadas nunha listaxe onde só constarán o DNI e cualificación obtida.

6. Orde nas listas

A orde de chamada virá dada polo lugar que acadou cada instrumentista nas probas. A xerencia artística terá a posibilidade de chamar aos colaboradores externos que considere estritamente necesarios, previa autorización da Xunta Directiva.

Nas actuacións que realice a Banda Sinfónica Xuvenil Galega os músicos serán chamados gardando rigorosamente a orde da lista. No suposto de que algún compoñente non poida acudir aos ensaios e concertos, chamarase ao seguinte da mesma.

7. Músicos seleccionados

Aos músicos seleccionados aplicaráselle o regulamento interno das Bandas Federais dependentes da Federación. Adquiren o compromiso de estudar as partituras que lles sexan entregadas así como de asistir aos ensaios e actuacións e acatarán as decisións da dirección e organización artística.

No encontro de Agolada, os músicos seleccionados contarán con dúas modalidades de inscrición:

- Asistencia ao encontro: 50 euros.
- Asistencia ao encontro con pensión completa e aloxamento: 70 euros.

8. Relación coa Federación

Cada músico participante asume a pertenza a un proxecto sen ánimo de lucro cuxos obxectivos principais abranguen a consecución da posta en valor das bandas de música populares galegas a través dunha banda de bandas na que todas elas poderán ser representadas polos músicos galegos de máis elevado nivel interpretativo.

Os músicos poderán solicitar, se así o precisan, certificacións de colaboración no proxecto da Banda Sinfónica Xuvenil Galega. En ningún caso se percibirá retribución económica.

9. Duración da Banda Sinfónica Xuvenil Galega

A existencia da BSFGBMP é indefinida. A validez desta convocatoria terá unha vixencia de 2 anos prorrogables.

10. Renovación das listas da Banda Sinfónica da FGBMP

Salvo impedimento de forza maior, realizarase unha actualización das listas cada dous anos. Se nese período o número de reservas non fose o necesario, abriríase unha nova convocatoria de selección.

11. Información e contacto

Esta convocatoria será remitida a todas as bandas federadas e estará dispoñible nas redes sociais da Federación, xunto co enlace para a inscrición das persoas interesadas en participar no proceso selectivo.

Os/as candidatos/as poderán consultar as súas dúbidas no correo electrónico sinfonica@bandas.gal ou no teléfono 607072653.

12. Aceptación das bases

A inscrición neste proceso selectivo implica a completa aceptación das súas bases.

Os compoñentes da Comisión velarán polo cumprimento das presentes bases. As dúbidas ou reclamacións que puideran orixinarse coa interpretación da súa aplicación serán resoltas por esta comisión, dando conta das mesmas á Xunta Directiva da Federación. En calquera caso, velarase pola interpretación que mellor garanta os principios de igualdade, mérito e capacidade dos aspirantes.

A organización resérvase o dereito a adoptar as decisións sobre aspectos non regulamentados nestas bases por razóns de forza maior. As decisións tomadas pola Comisión na execución e desenvolvemento das presentes bases e todas aquelas cuestións non previstas resolveranse, en cada caso, de maneira irrevogable pola propia Comisión.